

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 20 DE FEBREIRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: BAO CASTRO PABLO
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte de Febreiro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 13/02/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202502/185

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/02/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2025"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202502/207

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/02/2025. DECRETO: "PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO "SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA""



4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmín González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Jasmín González Gutiérrez**, de data 14/02/2025 (Registro de entrada nº 3.657), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de comida (3,00 m.), o día 29/03/2025, de 10:00 h. a 20:00 h., no exterior do Polideportivo Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jasmín González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante de comida (3,00 m.), o día 29/03/2025, de 10:00 h. a 20:00 h., no exterior do Polideportivo Municipal de Palmeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1701 23.01.2025 BENITO PÉREZ OUTEIRIÑO, reforma de cuarto de baño, na rúa Silvaveiras, 17 3B, Corrubedo.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

28308 18.11.2024 MANUEL ALEJANDRO REINO RIO, obras de mellora eficiencia enerxética: aeroterminia para calefacción e acs placas solares fotovoltaicas, na Estrada o Faro, 31-A, Corrubedo.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27777 12.11.2024 ANGEL PÉREZ OUTEIRAL, retirada de plaqueta e pintado exterior da vivienda, situada na rúa Cervantes, 41, Ribeira.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

28317 18.11.2024 CRISTINA MOSQUERA CRIADO, cerramento e valado de predio, no lugar de Pedra do Pino, a Ladeira, Corrubedo.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1421 21.01.2025 JOSÉ FRANCISCO MALLO MARIÑO, aplacado de pedra na fachada, na rúa Cervantes, nº 29, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

307 03.01.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS RÚA AS PITAS 39, colocación de fachada ventilada en determinadas fachadas verticais, na rúa As Pitas, nº 39, Corrubedo.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1166 16.01.2025 MARÍA DEL PILAR REIRÍZ GARCÍA, mantemento e pintado de fachadas, no lugar de Martín, 13, Ribeira.

12.- LICENZA URBANÍSTICA -PROXECTO DE EXECUCIÓN- AMPLIACIÓN DE NAVE CONSERVEIRA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE COUSO, S/N AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: IGNACIO GONZÁLEZ MONTES, S.A.

VISTA a solicitude de licenza urbanística-PROXECTO DE EXECUCIÓN- para **AMPLIACIÓN DE NAVE CONSERVEIRA**, da que é promotor **IGNACIO GONZÁLEZ MONTES, S.A., NO LUGAR DE COUSO, S/N, AGUIÑO, RIBEIRA.**

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** con data **4 de febreiro de 2025**



VISTO o **Informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data **14 de febreiro de 2025**, e

VISTO o **informe** emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **17 de febreiro de 2025**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 17/24, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 2 de maio de 2024 á entidade **IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.A.**, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo na data 30 de novembro de 2024 e o Anexo ao Proxecto de Execución de febreiro de 2025, redactados por D. José Manuel Engroba Cabo, Enxeñeiro Técnico Industrial (col. nº 654) e D. César Vázquez Valcárcel, Enxeñeiro Agrónomo, (col. nº 742), así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo 2 de decembro de 2024 e Acta de designación de Coordinación de Seguridade e Saúde.

SEGUNDO.- Deberá respetar íntegramente as condicións e medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor, así como aquelas recollidas nos informes dos diferentes organismos durante a tramitación ambiental, tendo en conta a **Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental , Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto “Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar”, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024).**

TERCEIRO.- Visto o disposto pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaluación Ambiental modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro dar tralado do presente título habilitante de natureza urbanística á **DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA (CONSELLERÍA DO MAR)**, para que como **ÓRGANO SUBSTANTIVO** e o competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar.

CUARTO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

SEXTO.- Logo de rematar a obra, interesado deberá presentar **COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas



fiscales y administrativas que modifica a LSG, así como **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.
- Acta de recepción de obra terminada.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Informe acústico de medicións de conformidade co previsto no Decreto 106/2015, de 9 de xullo.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado**

SÉTIMO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos



- Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
 - Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

OITAVO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a dar traslado á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA xa que mediante CONVENIO DE ADHESIÓN ten atribuídas o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística

DÉCIMO PRIMEIRO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO SEGUNDO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.



-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

13.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL – Carmen Brión Lema

Visto o escrito presentado por **Carmen Brión Lema**, de data 04/02/2025 (Rexistro de entrada nº 2.276), no solicita a devolución da fianza depositada como garantía de obras de demolición de vivenda unifamiliar en Camiño a Cruxeiras, 7 (Ribeira). Licenza de obra nº 48/23 – Expediente 2023/LIC-000062.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 11/02/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval depositado por **Carmen Brión Lema** como garantía de obras de demolición de vivenda unifamiliar en Camiño a Cruxeiras, 7 (Ribeira). Licenza de obra nº 48/23 – Expediente 2023/LIC-000062, polo importe de 1.095,87 €.

14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Compañía Fotovoltaica O Sangal, S.L.

Vistos os escritos presentados por **Compañía Fotovoltaica O Sangal, S.L.**, de datas 23/09/2024 e 02/10/2024 (Rexistros de entrada nº 23.829 e 24.673), nos que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3340603NH0134S0001MH, situada en Couso Pol. 023 par.00048, Aguiño, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 14/02/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: COMPAÑIA FOTOVOLTAICA O SANGAL, S.L.
NIF: B94060753

02.DATOS DA PARCELA

Localización: COUSO Pol. 023 Par. 00048– AGUIÑO - RIBEIRA.
Ref. Catastral: 15074A023000480000KR

Plano do URBANISTICOS: Plano nº 2.16 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0407 do PBA, Folla BF04 do POL.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

Plano do SERVICIOS: Planos de concesionaria VIACUA, donde se ubican las líneas de Auga Potable e saneamento con diámetros e materiais das canalizacións.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 23.10.2024, obtén rexistro de entrada (RE.: 202423829), unha solicitude de información urbanística.



Achégase:

-Solicitud de interesado

03.02. Con data do 02.10.2024, obtén rexistro de entrada (RE.: 202424673), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Plano catastral.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópase en solo Rústico.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase, afectada pola zona de mellora ambiental e paisaxística do Plan de Ordenación do Litoral.

Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, a categoría de (SPRX) solo rústico de protección de paisaxística, recollida no artigo 34.2.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os usos e actividades permitidos, o réxime dos usos e as condicións xerais da edificación para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segun o PBA non ten ningunha afección.

Segun o inventario o acceso a parcela e atreves dunha vía que non ten a categoría de pública no inventario municipal.

Segun o POL, esta na zona Mellora Ambiental e protección Paisaxística e presenta unha zona continua de Protección da Ordenación.


Segun Concesionaria Viacua, tanto o subministro de Auga Potable(Aprox<50,00m) coma o de Saneamento (Aprox>50,00m) esta nas inmediacións da parcela.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.


Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, a categoría de (SRPOR). **solo rústico de especial protección paisaxístico** , recollida no artigo 34.2.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.




Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Plano nº 2.16 do PXOM.



Plano nº 0151A-0407 do PBA.



Plano nº BF04 do POL.



Plano de líneas Xerais Agua Potable e Saneamento.



15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Pérez Paz

Visto o escrito presentado por **Francisco Pérez Paz**, de data 13/02/2025 (Rexistro de entrada nº 3.514), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A052010970001LK, situada en Lugar As Pitas, 10 – Corrubedo, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 14/02/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: PEREZ PAZ FRANCISCO

NIF: ***390***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG AS PITAS 10 – CORRUBEDO - RIBEIRA.

Ref. Catastral: 15074A052010970001LK

Plano do PXOM: Planos nº 7.2 e 2-10 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 13.02.2025, obtén rexistro de entrada (RE.:20253514), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano situación.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.



A parcela para as que solicita información atópanse en un tipo de solo, Solo Rústico con varias categorías (SRPPT+SRPX).

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase: Segun o PBA ten una afección de Patrimonio.

Da consulta do POL, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase: Segun o POL ten unha afección continua de mellora Ambiental e Paisaxística

Da consulta do INVENTARIO, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atopárase: Segun o inventario o acceso a parcela e atreves dunha vía publica.

A parcela consultada atópanse con unha clasificación do Solo.


Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, a categoría de (SRPPT+SRPX). **solo rústico PROTECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL + solo rústico de protección de PAISAXISTICO**, recollida no artigo 34.2.H -G respectivamente) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.


A continuación adxuntaxe a cartografía de aplicación:



Plano nº 7.2 do PXOM.



Plano nº 2.10 do PXOM.





Plano nº 0151A-0305 do PBA.

16.- VAO PERMANENTE – Josefa Ventura Piñeiro Ayaso

Visto o escrito presentado por **Josefa Ventura Piñeiro Ayaso**, de data 07/02/2025 (Registro de entrada nº 3.040), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Carqueixa, nº 5 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/02/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder** a **Josefa Ventura Piñeiro Ayaso**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Carqueixa, nº 5 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

17.- VAO PERMANENTE – José Cameán Martínez

Visto o escrito presentado por **José Cameán Martínez**, de data 14/02/2025 (Registro de entrada nº 3.613), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Ramón Aller, nº 18 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/02/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder** a **José Cameán Martínez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmoible situado en Rúa Ramón Aller, nº 18 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.



- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

18.- SOLICITUDE HABILITACIÓN DE ZONA DE CARGA/DESCARGA EN AVENIDA DA CONSTITUCIÓN (RIBEIRA) – Suministros Outeiro, S.L.

Queda sobre a mesa pendente dun maior estudo o escrito presentado por José Crujeiras Sampedro en representación de **Suministros Outeiro, S.L.**, de data 11/07/2024, no que solicita a habilitación dunha zona de carga/descarga na Avenida da Constitución (Ribeira); así como o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 15/02/2025.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE “FESTA DA XUVENTUDE” E “FESTA DOS MAIOS” – Asociación Cultural O Serriño os millores de Aguiño

Queda sobre a mesa pendente da constitución dunha nova Comisión de Festas de Aguiño, por dimisión da anterior, a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á solicitude autorización celebración da “Festa da Xuventude” e “Festa dos Maíos” solicitada pola Asociación Cultural O Serriño os millores de Aguiño.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN VII BANDEIRA DE BATEIS FEMININA E MASCULINA – CONCELLO DE RIBEIRA AO CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA

LOGO DE VER que D. Jesús Silva Vidal, en representación do “Club de Remo Náutico de Ribeira”, presenta escrito de data 06-02-2025, con número de rexistro de entrada municipal 3.008, argumentando que o 23 de marzo de 2025, vaise a celebrar a VII BANDEIRA DE BATÉIS FEMININA E MASCULINA – CONCELLO DE RIBEIRA, polo cal solicita:

“A asistencia dos membros da AGRUPACION LOCAL DE PROTECCION CIVIL do Concello, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac) desde as 10:30 horas as 13:30 horas na zona exterior do peirao comercial. Tamén se require a presenza dunha patrulla da Policía Local, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes, na entrada do Porto Comercial – ao carón da gasolinera da entrada ao mesmo, no horario antes indicado”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”



2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

3. Consultado o inspector xefe da Policía Local de Ribeira, informa que non atopa impedimento algún á celebración desta proba deportiva.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 13-02-24, e a proposta do concelleiro delegado de deportes, de data 13-02-24, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a celebración da VII Bandeira de Bateis Feminina e Masculina – Concello de Ribeira ao Club de Remo Náutico de Ribeira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **23 de marzo de 2024** ao longo de toda a mañá.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e Protección Civil de Ribeira).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

21.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER Á ANPA DO CEIP PALMEIRA, PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL DE ENTROIDO

LOGO DE VER que Dña. Beatriz Pillado Pardavila, en representación da ANPA do CEIP de Palmeira, a presenta escrito de data 12/02/2025, con número de rexistro de entrada municipal 3.428, solicitando:

“EU, BEATRIZ PILLADO PARDAVILA COMO REPRESENTANTE DA ANPA DO CEIPP DE PALMEIRA SOLICITAMOS O USO DO POLIDEPORTIVO TORRES COLOMER DE PALMEIRA O DÍA 3 DE MARZO DO 2025, EN HORARIO DE 15:30 A 21:00 PARA A REALIZACIÓN DE UNHA FESTA ORGANIZADA POR DITA ASOCIACIÓN PARA O DISFRUTE DO ENTROIDO CON TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA. GRAZAS DE ANTEMAN”



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 13-02-25, e a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, de data 13-02-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á ANPA do CEIP de Palmeira”, para a celebración dun “Festival de Entroido”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **luns 3 de marzo de 2025 de 15.30 a 21.00 horas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.



22.- SOLICITUDE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES Á ASOCIACIÓN CULTURAL AS DUNAS, PARA A CELEBRACIÓN DUN FESTIVAL DE ENTROIDO

LOGO DE VER que D. José Manuel Martínez Suárez, en nome da “Asociación Cultural As Dunas”, presenta escrito de data 13/02/2025, con número de rexistro de entrada municipal 3.512, solicitando:

“DENDE A ASOCIACIÓN CULTURAL AS DUNAS CON CIF G70208921 E CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL DE ENTROIDO BENÉFICO CON RECOLLIDA DE ALIMENTOS NON PERECEDEIROS, DE CARÁCTER GRATUITO, PÚBLICO, E APTO PARA TODAS AS IDADES, QUE CELEBRAREMOS O SÁBADO 1 DE MARZO DE 2025, NO POLIDEPORTIVO DE SIRVES DE 17H A 23H. SOLICITAMOS PERMISO PARA REALIZAR DITO EVENTO E PARA USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. NO FESTIVAL CONTAREMOS CON HINCHABLES INFANTILES E ACTUACIÓN DE FONDO DUN DJ, E FAREMOS UN DESFILE PARA OS NENOS. OS ALIMENTOS RECOLLIDOS SERÁN DOADOS A CÁRITAS PARROQUIAL DE RIBEIRA. ACHEGAREI COPIA DO SEGURO EN VIGOR A SEMANA PRÓXIMA XA QUE NOS CADRA RENOVAR E AINDA NON TEMOS O RECIBO NOVO”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón de “Sirves”, non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 13-02-25, e a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, de data 13-02-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo de “Sirves”, para a celebración dun “Festival de Entroido”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 01 de marzo de 2025 de 17.00 h. a 23.00 h.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización deste tipo de eventos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscibirá unha póliza de seguro polo capital mínimo



que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

23.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA EXPOSICIÓN DE CARTEIS – Asociación Mulleres en Acción Barbanza

Visto o escrito presentado por María Soledad Guevara Urquiola en representación da **Asociación Mulleres en Acción Barbanza**, de data 12/02/2025 (Rexistro de entrada nº 3.470), no que solicita autorización para a ocupación da Praza Porta do Sol (Ribeira), o día 08/03/2025, de 12:00 h. a 20:00 h., para montar una exposición de carteis e realizar un acto de lectura dun manifesto. Así mesmo, no caso de dificultades climáticas solicitan que o acto se celebre na Rúa de Galicia (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación da Praza Porta do Sol (Ribeira), o día 08/03/2025, de 12:00 h. a 20:00 h., para montar una exposición de carteis e realizar un acto de lectura dun manifesto.
- Autorizar, no caso de dificultades climáticas, que o acto se celebre na Rúa de Galicia (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

24.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raul Santos Sampedro (BAR PORTO)

VISTO o escrito presentado por **Raul Santos Sampedro** en representación establecemento “Bar Porto” (Aguiño), de data 17/02/2025 (Rexistro de entrada nº 3.817), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Porto” (Aguiño), o día 22/02/2025, en horario de 17:00 h. a 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Raul Santos Sampedro, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Porto” (Aguiño), o día 22/02/2025, en horario de 17:00 h. a 21:00 h.



SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Porto” (Aguíño) (**Raul Santos Sampedro**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN PASARRÚAS – Enseduca, S.A.L.

Vistos os escritos presentados por Alejandro Gómez Fernández en representación de **Enseduca, S.A.L.**, de data 17/02/2025 (Rexistros de entrada nº 3.813 e 3.814), no que solicita autorización e a presenza dos corpos de seguridade (Policía Local e GAEM) para a celebración dun pasarrúas polas rúas de Ribeira con alumnado de educación infantil e primaria, o día 28/02/2025 en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun pasarrúas polas rúas de Ribeira con alumnado de educación infantil e primaria, o día 28/02/2025 en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co motivo da celebración do Entroido.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao GAEM para o seu coñecemento.

26.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO E NORMAS DE XESTIÓN: “Encontro das Persoas Maiores 2025”

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 07/02/2025, no que solicita a aprobación de prezo público para a realización da actividade “Encontro das Persoas Maiores 2025”, o día 23/03/2024.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto por Intervención e Tesourería, de data 17/02/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**



1. Aprobación do seguinte prezo público:

PROGRAMA	PREZO POR PERSOA
"Encontro das persoas maiores 2025"	25,00 €

2. Aprobar as normas de xestión segundo o contido da citada proposta.

Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias de Servizos Sociais Comunitarios.

O anuncio deberá ser exposto desde o día de seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADE EN CONMEMORACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO – Enseducu, S.A.L.

Visto o escrito presentado por Alejandro Gómez Fernández en representación de **Enseducu, S.A.L.**, de data 19/02/2025 (Rexistro de entrada nº 4.037), no que solicita autorización e a presenza dos corpos de seguridade para a celebración dunha actividade na zona peonil da Rúa Rosalía de Castro e intersección Rúa de Galicia (Ribeira), con alumnado de educación infantil e primaria, o día 24/02/2025 en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha actividade na zona peonil da Rúa Rosalía de Castro e intersección Rúa de Galicia (Ribeira), con alumnado de educación infantil e primaria, o día 24/02/2025 en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao GAEM para o seu coñecemento.

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Vanessa Suárez García (A CHABOLA)

VISTO o escrito presentado por **Vanessa Suárez García** en representación establecemento "Café Bar A Chabola" (Aguiño), de data 20/02/2025 (Rexistro de entrada nº 4.111), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro "Café Bar A Chabola" (Aguiño), o día 22/02/2025, en horario de 18:30 h. a 22:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Vanessa Suárez García**, para evento musical no establecemento hostaleiro "Café Bar A Chabola" (Aguiño), o día 22/02/2025, en horario de 18:30 h. a 22:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Café Bar A Chabola" (Aguiño) (**Vanessa Suárez García**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á



persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

